



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 21 de abril de 2016

Hora de comezo: 14.15 h

Hora de remate: 14.45 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental, no lugar de Ponte Ledesma-Boqueixón**
- 3. Xustificación do CIM de Boqueixón, ano 2015 e meses de decembro 2015 a marzo 2016**
- 4. Conta xustificativa da subvención plurianual para a mellora da colección bibliográfica da biblioteca municipal**
- 5. Solicitude subvención para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais**
- 6. Aprobación convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e a empresa Viveiros Compostela SAT**
- 7. Aprobación de facturas**
- 8. Devolución de avais**
- 9. Prórroga do contrato de servizos asinado con Estudio Técnico Galego**
- 10. Concesión de altas no servizo de abastecemento / saneamento**
- 11. Información de expedientes de comunicacións previas urbanísticas**
- 12. Licenzas urbanísticas**

- 13. Rexeitamento das alegacións presentadas por D. José xxxxx contra o acordo da Xunta de Goberno do 17 de marzo do 2016. (Levantamento da suspensión demolición obras)**
- 14. Concesión de axuda de emerxencia social**
- 15. Punto de urxencia**
- 16. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos presentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 7 de abril do 2016

2. Reclamación de contía por danos ocasionados en columna e farol ornamental, no lugar de Ponte Ledesma-Boqueixón

Antecedentes

Con data 9 de abril de 2016, ás 00.30 horas (según comunica mediante correo electrónico o 13 de abril do 2016, o axente de seguros da Compañía CASER , don José Luis xxxxx) tivo lugar un sinistro no Lugar de Ponte Ledesma, na estrada municipal número 674.

Comunica así mesmo que o sinistro está aperturado co número 201605032886 en CASER. O vehículo SEAT IBIZA, matrícula xxxxx, propiedade de don Ramón xxxxx, e asegurado na compañía de seguros CASER, impactou contra unha farola ornamental, destrozando a columna e o farol.

Consta no expediente reportaxe fotográfica do farol destrozado e presuposto número 649, de data 11/04/2016, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que reflicte o custo de reposición de columna e farol ornamental rotos en Ponte Ledesma o 9 de abril do 2016.

Ascenden os traballos de reposición a un custo total (con IVE engadido) de **1.506,22 €**.

Consideracións xurídicas

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que “ Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local”.

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que “As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

Téndose acreditado mediante a reportaxe fotográfica os danos ocasionados na columna e farol público, situados a carón estrada municipal número 674, polo vehículo SEAT IBIZA, matrícula xxxxx, propiedade de don Ramón xxxxx e téndose presuposto de reparación número 649, de data 11/04/2016, concepto “columna e farol ornamental rotos en Ponte Ledesma o 09/04/2016”, por importe total (IVE engadido) de 1.506,22 €, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a valoración do arranxo do columna e farol ornamental rotos en Ponte Ledesma o 09/04/2016, por importe total de **1.506,22 €, IVE engadido**.
2. Comunicar ó axente da compañía de seguros CASER, don José Luis xxxxx así como a don Ramón xxxxx, propietario do vehículo SEAT IBIZA, matrícula xxxxx, que ou ben o propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo do arranxo da columna e farol de alumado público destrozados, por importe total de 1.506,22 €, IVE engadido.
3. Darlle trámite de audiencia ó axente da compañía de seguros CASER e o propietario do propietario do vehículo SEAT IBIZA, matrícula xxxxx, para que no prazo de 10 días poidan presentar alegacións ou documentación oportuna.

3. Xustificación do CIM de Boqueixón, ano 2015 e meses de decembro 2015 a marzo 2016

O 9 de outubro do 2015 sae publicado no DOG número 194 a Resolución do 8 de outubro do 2015 , da Secretaría Xeral de Igualdade , pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida , cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e convocar no ano 2015 das subvencións ás entidades locais de Galicia, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, para o desenvolvemento de programas, actividades e actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica e social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular en risco de exclusión ou en situación de vulnerabilidade.

No artigo 1.1) establécese que as actuacións sinaladas poderanse desenvolver a través dos seguintes programas:

- a) Programa de conciliación
- b) Programa de prevención da violencia de xénero
- c) Programa de apoio os CIM**

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 5 de novembro do 2015 acordouse solicitar axuda económica respecto do programa de apoio ao CIM de Boqueixón, para gastos de persoal segundo o custo unitario por horas traballadas, sendo a contía solicitada para o posto de directora /asesora xurídica e atención psicolóxica para o período 1-12-2014 a 30-11-2015 de 29.634,92 € e para o período 1-12-2015 a 31 -03-2016 de 9.878,31 €.

Por Resolución do 22 de decembro do 2015 da Secretaría Xeral de Igualdade, resólvense as axudas e subvencións previstas na Resolución do 8 de outubro do 2015 , da Secretaría Xeral de Igualdade, que se establece as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida , cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Ó Concello de Boqueixón concédeselle para o ano 2015 unha contía de 14.000 € para o posto de directora /asesora xurídica e para o ano 2016 (1-12-2015 a 31 -03-2016) unha contía de 4.666,67 € para o citado posto.

Así mesmo para o posto de psicóloga concédeselle para o ano 2015 unha contía de 14.000 € e para o ano 2016 (1-12-2015 a 31 -03-2016) unha contía de 4.666,67 €.

Ascende o total da subvención a 37.333,34 €.

Con data 30-12-2015 ordénase transferencia ó concello por parte da Xunta de Galicia en concepto de pagamento anticipado do 75 % da contía da subvención concedida, por un total de 28.000,00 €.

O prazo para xustificar a subvención remata o 30 de abril do 2016.

Tendo en conta:

A) Que o artigo 8.4. da citada resolución do 8 de outubro do 2015, sinala que para o caso de que a poboación do ámbito territorial de actuación do CIM sexa de 5.001 e ata 15.000 habitantes, o número de usuarias con atención individualizada terá que ser como mínimo de 40 mulleres, das cales cando menos seis deberán ter unha atención continuada e de seguimento cun mínimo de tres intervencións.

Que o artigo 8.5, anteriormente citado sinala que serán subvencionables os custos de persoal xerados entre o 1 de decembro do 2014 e o 31 de marzo de 2016, xustificándose de maneira independente os gastos directos de persoal, segundo as horas efectivamente traballadas dedicadas a tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, que se imputarán a cada exercicio. (Gastos de persoal correspondentes ao período 1-12-2014 ata o 30-11-2015 imputaranse ó exercicio 2015 e os gastos de persoal correspondentes ó período 1-12-2015 e o 31-03-2016 imputaranse ó exercicio 2016)

Que o artigo 8.6 sinala que para os postos de dirección, asesoramento xurídico e atención psicolóxica, e tendo en conta que no Concello de Boqueixón o persoal que desempeña ditas funcións figura na RPT e no cadro de persoal laboral temporal, aplicárase o custo unitario por hora efectivamente traballada de 19,42 €. A contía máxima da axuda será de 14.000 €.

B) Que en relación coa directora/asesora xurídica, o número de horas total efectivamente traballadas en relación con tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en

situación de vulnerabilidade no CIM no período 1-12-2014 a 30-11-2015 é de 1.082,00 horas e para o período 1-12-2015 a 31-03-2016 o número total de horas efectivamente traballadas en relación con tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade é de 368,00 horas.

Que en relación coa psicóloga o número de horas total efectivamente traballadas en relación con tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade no CIM no período 1-12-2014 a 30-11-2015 é de 575 horas e para o período 1-12-2015 a 31-03-2016 o número total de horas efectivamente traballadas en relación con tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade é de 230 horas.

C) Que a axuda/subvención foi destinada ó fin para o que se concedeu solicitándose o pago da liquidación correspondente á axuda concedida para o programa de CIM, de conformidade co esixido na normativa reguladora:

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Que se proceda por parte do CIM de Boqueixón a xustificar documentalmente as follas mensuais das horas efectivamente traballadas, acompañadas dun resumo das mesmas; a memoria xustificativa da actuación subvencionada, xunto cos carteis e folletos nos cales figuran os logos do FSE e a imaxe corporativa da Secretaría Xeral de Igualdade; certificación do número total de persoas en situación de vulnerabilidade atendidas; follas individualizadas das persoas atendidas; follas de seguimento con atención individualizada e continuada onde conste un mínimo de tres intervencións

2. Solicitar o pagamento do 25% restante da subvención, que ascende a un total de 9.332 €, tendo en conta que:

PROGRAMA DE APOIO ÓS CIM Postos	Gastos de persoal segundo o custo unitario por horas traballadas, en tarefas directamente vinculadas coa atención á mulleres en situación de vulnerabilidade			
	Nº de postos no período 1-12-2014 a 30-11-2015	Nº de postos no período 1-12-2015 a 31-03-2016	CONTIAS XUSTIFICACIÓN	
			Período 1-12-2014 a 30-11-2015	Período 1-12-2015 a 31-03-2016
Postos de dirección/asesoramento xurídico e asesoramento psicolóxico	2	2	32.178,94 €	11.613,16 €

Os custos do persoal, propio do concello, efectivamente realizados segundo custo unitario son:

Postos	Tipo de vinculación	Nome e apelidos	NIF	Nº total de horas efectivam. Traballadas no CIM período 1-12-2014 a 30-11-2015	Custo segundo horas efectivam. traballadas no CIM período 1-12-2014 a 30-11-2015	Nº total de horas efectivam. Traballadas no CIM período 1-12-2015 a 31-03-2016	Custo segundo horas efectivam. traballadas no CIM período 1-12-2015 a 31-03-2016
Directora/asesora xurídica	Laboral temporal	Cristina Carbajales Nouriño	xxxxx	1082,00	21.012,44	368	7.146,56
Psicóloga	Laboral temporal	Yolanda Neira Cristobo	xxxxx	575,00	11.166,50	230	4.466,60
TOTAL				1657,00	32.178,94	598	11.613,16

3. Que para a mesma finalidade **non** se solicitaron, concederon ou percibiron outras axudas de distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

4. Que o Concello de Boqueixón se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

4. Conta xustificativa da subvención plurianual para a mellora da colección bibliográfica da biblioteca municipal

No DOG de 7 de xullo 2015 saíu publicada a orde do 22 de xuño 2015 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia e se procede á súa convocatoria para o período do 1 de maio de 2015 ao 1 de abril de 2016.

Por Resolución de alcaldía de 7 de xullo de 2015 acordouse solicitar unha subvención por importe de 1.000,00 euros (a contía indicativa inicial estipulada no artigo 7 da citada orde para concellos de entre 2.001 e 5.000 habitantes) para a mellora da colección bibliográfica da biblioteca municipal.

Con data 8 de outubro 2015 (DOG núm. 204 de 26 de outubro de 2015) publícase a resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria concedendo á biblioteca municipal unha axuda de 606,42 € para o exercicio de 2015 e de 503,14 € para o exercicio de 2016. Según establece a referida convocatoria deberase xustificar o orzamento total antes do 30 de abril de 2016, e téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

A/ Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por importe de 1.109, 56 € euros para a biblioteca municipal de Boqueixón:

1.- Que o orzamento total da subvención foi destinado a adquisición dos materiais que se detallan a continuación desglosado por exercicios:

Exercicio de 2015:

Materiais adquiridos	Custo	Provedor	Data Adquisición	Data Pago	Porcentaxe fondos en galego
Factura núm. A08006443	606,42 €	MAYSO (Lucus conti distribucions S.L.) xxxxx	3/12/2015	23/12/2015	230,29 € (37,9%)

Exercicio de 2016:

Materiais adquiridos	Custo	Provedor	Data Adquisición	Data Pago	Porcentaxe fondos en galego
Factura núm. N16-427	59,08 €	HÉRCULES DE EDICIONES	26/2/2016	15/4/2016	59,08 €

		xxxxx			
Factura núm. A08006584	444,06 €	MAYSO (Lucus conti distribucions S.L.)xxxxx	25/2/2016	15/4/2016	128,79 €
TOTAL	503,14 €	----- -	----- -	-----	37,3 %

2.- Que a relación de material adquirido e o que figura nas facturas anteriormente sinaladas das que se acompaña fotocopia compulsada.

3.- Que a relación de material bibliográfico adquirido forma parte dos fondos da colección da biblioteca municipal, sendo a porcentaxe total destinada a fondos en lingua galega do **37,68 %**.

4.- Que o concello está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a seguridade social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autonómica.

5.- Que o concello non ten axudas solicitadas nin recibidas para o mesmo obxecto desta subvención.

B/ Comunicar este acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5. Solicitude subvención para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais

Na orde do 11 de marzo de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, publícanse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG. núm. 59, do martes 29 de marzo de 2016).

Dita orde establece no artigo 2 punto 4 que, no caso de solicitudes individuais, a axuda máxima por beneficiario, que concederá a consellería será de 30.000 euros, que en ningún caso poderá exceder o 75% do orzamento total do proxecto subvencionable.

Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes de subvención remata o día 29 de abril de 2016, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha axuda de 7.879,52 euros para Melloras no auditorio do Local Sociocultural de Codeso, que corresponde co 74% do importe total. O custo total deste proxecto ascende a 10.648 euros.

2.- Destinar o crédito suficiente para a achega municipal, que neste caso será de 2.768,48 euros que corresponden ao 26% do custo total do investimento.

6. Aprobación convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e a empresa Viveiros Compostela SAT

Con data do 18 de marzo de 2016 aprobouse por resolución de alcaldía as bases reguladoras do proxecto “Apadriña/amadriña unha xardineira”.

Dito proxecto pretende desenvolver un proxecto que axude a acadar beneficios socioambientais, alongando a vida das plantas e das xardineiras, para a harmonización e recuperación da contorna rural, cunha mellora do mobiliario urbán existente no municipio. Para o cal, se proxecta involucrar a veciñanza no coidado da contorna, a través das xardineiras, mediante unha aportación persoal e artística ó espazo público, de tal xeito que cada xardineira sexa apadriñada/amadriñada por calquera veciño/veciña.

Por tanto, o proxecto consiste en que o padriño ou madrina se faga cargo da plantación e mantemento dunha ou varias xardineiras municipais, asumindo o compromiso polo período dun ano renovable.

A empresa Vivieros Compostela, S.A.T con domicilio no lugar A Corna, núm. 10, 15882 Boqueixón, adicada a actividade de produción e distribución de planta á centros de xardinería, tamén realizan venta directa no viveiro, contactou co concello para establecer unha coordinación e colaboración respecto das accións que repercuten na mellora da calidade do contorno do municipio e concretamente no proxecto “Apadriña/amadriña unha xardineira”.

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro Tato, e os representantes da empresa Viveiros Compostela SAT, Roberto xxxxx e Ofelia xxxxx, asinan o 7 de abril de 2016 un convenio de colaboración entre ambas partes.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e a empresa Viveiros Compostela, SAT, que a continuación se transcribe literalmente:

“En Boqueixón, a 7 de abril de 2016

Don Ovidio Rodeiro Tato, con DNI núm. xxxxx, en calidade de alcalde do Concello de Boqueixón, con CIF. P1501200H, con domicilio en Lugar de O Forte s/n, código postal 15881, provincia da Coruña, teléfono 981513061, e-mail: emprego@boqueixon.com

Y de outra parte, don Roberto xxxxx y dona Ofelia xxxxx, maiores de idade, con DNI núm xxxxx respectivamente, que actúan en nome e representación da empresa Viveiros Compostela SAT, con domicilio, a efectos deste convenio, no lugar A Corna núm. 10, 15882 Boqueixón, A Coruña:

Concello de Boqueixón e a empresa Viveiros Compostela S.A.T, serán denominados neste Convenio individualmente como unha “parte”, ou conxuntamente como as “partes”.

Ambas partes, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir en nome e representación das institucións que representan,

MANIFESTAN

- Que a empresa Viveiros Compostela S.A.T, dedica a súa actividade á produción e distribución de planta á centros de xardinería, tamén realizan venta directa no viveiro.
- Que o Concello de Boqueixón é unha administración local.
- Que ambas partes coinciden na necesidade de xuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, creen convinte, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto a accións que repercutan na mellora da calidade do contorno do municipio, concretamente nos seguintes proxectos Apadriña/amadriña unha Xardineira e o Concurso de ornamentación de Xardineiras.
- Que o obxecto de regular esta relación, ambas partes e de común acordo, suscriben o presente convenio de colaboración, que se rexirá polo establecido no presente documento e nos seus correspondentes anexos, e con carácter supletorio, na medida que resultasen de aplicación, polas disposicións do código civil, código de comercio, pola normativa sectorial reguladora aplicable e, en especial, polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Marco xeral de colaboración.

O obxecto do presente convenio será a definición do marco, o réximen e os termos da colaboración entre o Concello de Boqueixón e a empresa Viveiros Compostela SAT articulada co fin de levar a cabo distintas accións que promovan os proxectos Apadriña/amadriña unha Xardineira e o Concurso de Ornamentación de Xardineiras.

SEGUNDA.- Colaboración entre Concello de Boqueixón e a empresa Viveiros Compostela SAT.

▪ Proxecto Apadriña/amadriña unha Xardineira:

En virtud deste Convenio, o concello de Boqueixón e a empresa Viveiros Compostela SAT, promoverán e facilitarán este proxecto, que a continuación se detalla:

Obxectivos

- ▶ Alongar a vida das plantas e das xardineiras.
- ▶ Potenciar o aproveitamento dos recursos.
- ▶ Embelecer o municipio de Boqueixón.
- ▶ Motivar a participación da veciñanza involucrándolles no coidado do contorno.
- ▶ O concello asesorará tecnicamente e acompañará ós padriños/madriñas, permitindo crear un grupo de participación entre os padriños e madriñas participantes compartindo inquietudes comúns. O concello procurará impartir xornadas, ofrecer información, levar dinámicas diversas, etc.

Duración da acción

- ▶ Apadriñamento/amadriñamento: 1 ano. Renovacións anuais.

- ▶ Xornada /taller de formación.
- ▶ Xornadas previas explicativas do proxecto, se se estima oportuno.

Material

- ▶ Xardineiras.
- ▶ Material de difusión: folletos, carteis, recursos dixitais.
- ▶ Material de formación: manual básico de xardinería.
- ▶ Carné de padriño/madriña.
- ▶ Carta de compromiso de participación e aceptación das requisitos de participación.
- ▶ Base de datos de todos/as padriños/madriñas.
- ▶ Material para a plantación: ferramentas, substrato, material de drenaxe, plantas, auga, etc.
- ▶ Plantas de regalo para a primeira sesión.

Desenvolvemento da acción

Fase I

- ▶ 1. Censo das xardineiras existentes e programación da súa ubicación en función das necesidades municipais.
- ▶ 2. Elaboración dos carteis, programas explicativos do proxecto e convocatoria de presentación.
- ▶ 3. Difusión escrita do proxecto a veciñanza a través de nota informativa, carteis, facebook, páxina web, prensa e demais recursos. E información directa e persoal no lugar onde se ubique a xardineira se fose necesario.
- ▶ 4. Elaboración dun manual básico que resulte atractivo e sinxelo para os padriños e madriñas con consellos de xardinería elementais (necesidades das plantas, plagas e enfermidades, drenaxes, substratos, etc).
- ▶ 5. Contacto co comercio local de plantas para adquirir compromisos de colaboración.
- ▶ 6. Diseñar e elaborar un carné de padrino/madriña.
- ▶ 7. Busca de patrocinadores para regalar a primeira planta ó/á padrino/ madriña a cambio de publicidade municipal dentro do proxecto (carteis, manual, difusión TIC, etc)
- ▶ 8. Preparación da presentación do proxecto que inclúe tamén a primeira Xornada/taller formativa.

Fase II

- ▶ 9. Presentación pública e explicación do proxecto.
- ▶ 10. Entrega dun manual básico de xardinería.
- ▶ 11. Xornada/taller formativo-práctico. É importante que se faga unha presentación de todos os tipos de plantas para exterior, folla caduca, perenne, partes da planta, etc.
- ▶ 12. Regalo das primeiras plantas para a xardineira. Entregarase na xornada/taller formativo-práctico.
- ▶ 13. Recollida das cartas de compromiso e aceptación das requisitos de participación.

A colaboración da empresa Viveiros Compostela S.A.T. para o desenvolvemento do proxecto queda como a segue:

- ▶ Preparación e impartición da xornada/taller por parte da empresa:
Dita xornada versará sobre coñecementos básicos de coidado, preparación e mantemento da xardineiras. Que será impartida nas instalacións de Viveiros Compostela SAT.

A entrega consumibles realizárase soamente nunha única entrega e directamente ó padriño/madriña debendo acreditar a xardineira adxudicada. Dita entrega é por xardineira adxudicada.

Tamén colaborará na elaboración dunha guía básica que será impresa/fotocopiada polo Concello de Boqueixón e que se entregará ós/ás padriños/madriñas.

► Consumibles: Todos os consumibles como substrato, planta ornamental de tempada de produción propia será aportación de Viveiros Compostela, S.A.T. ata un máximo de 50 xardineiras, empresa colaboradora, sen que repercuta ningún coste para o Concello de Boqueixón nin para o padriño/madriña.

Ditos consumibles deberán ser retirados polos participantes no prazo máximo dunha semana seguinte á xornada/taller nas instalacións de Viveiros Compostela, S.A.T. En todo caso calquera eventualidade respecto a este punto será tratado co Concello de Boqueixón de maneira individualizada.

A entrega de devanditos consumibles realizárase expresamente ó padriño/madriña e por xardineira adxudicada, e dicir que se un padriño/madriña solicita unha o máis xardineiras para o seu coidado, a entrega de material se fará por cada xardineira adxudicada), sempre debidamente acreditado co carné que a tal efecto dende o concello de Boqueixón se lle fará entrega para a súa presentación á empresa colaboradora.

Soamente a empresa realizará unha única entrega deste material unha vez realizado a xornada/taller, por xardineira adxudicada, e unha vez teña asinado o compromiso e aceptación das bases.

► A empresa Vivieros Compostela comprométese a entregar un vale de compra por valor de vinte euros (20 €), para trocar por planta ornamental de tempada de produción propia para o padriño ou madriña, previa presentación do correspondente carné, para facilitar o bo mantemento da xardineira adxudicada e a consumir dentro do período de compromiso, caducando na data de término do mesmo, non acumulable a outros períodos.

O concello de Boqueixón encargarse de:

- Xornadas previas explicativas do proxecto, se se estima oportuno.
- Coordinación da xornada/taller de formación.
- Material necesario:

Xardineiras.

Material de difusión: folletos, carteis, recursos dixitais (Indicando en toda a difusión a colaboración de Viveiros Compostela, S.A.T)

Material de formación: manual básico de xardinería.

Carné de padriño/madriña.

Carta de compromiso de participación e aceptación das requisitos de participación.

Base de datos de todos/as padriños/madriñas.

- Coordinación das fases I e II que engloba o proxecto.

● Proxecto concurso de ornamentación de xardineiras

-En virtude deste convenio, o Concello de Boqueixón e a empresa Vivieros Compostela S.A.T, promoverán e facilitarán este proxecto que a continuación se detalla:

- Co fin de dar continuidade o proxecto apadriña/amadriña unha xardineira se propón un concurso no que todos os padriños/madriñas concursen á mellor ornamentación da súa xardineira. Haberá un 1º premio para o/a gañador/a, cuxo

detalle consiste en outorgar 100 € en vale de compra para canxear en produtos do garden de Viveiros Compostela, SAT.

Este obsequio que consiste nun vale por importe de 100 € é cortesía da empresa Viveiros Compostela SAT.

● Concello de Boqueixón encargarse de:

- Elaboración dos diplomas acreditativos para o primeiro, segundo e terceiro premio e a rotulación da xardineira gañadora, co nome do/a concursante.
- Elexir e convocar ó xurado, así como os gastos derivados do desprazamento e manutención.
- Tramitar a documentación de participación no programa.
- Promover todas as accións, respecto do proceso de concurso.
- Promover accións de marketing e publicidade, para a difusión e promoción do concurso.
- Asegurar as condicións de funcionamento óptimo do xurado do concurso.
- Asegurar e regular o mantemento e emplazamentos dos espazos que compoñen o concurso.
- Propoñer as accións axeitadas que aseguren o éxito do concurso, incluídas as inversións necesarias para o seu desenvolvemento.
- Xestionar a busca de empresas que desexen colaborar para o desenvolvemento do certame: financeiramente, imprenta, difusión en medios, etc.

● Campañas de difusión e sensibilización

En virtude deste convenio, o Concello de Boqueixón expresa a súa vontade de promover e adoptar, en colaboración coa empresa Viveiros Compostela SAT, a difusión desta colaboración a través da páxina web do concello, prensa, manuais, carteis e calquera outro medio que se empregue. Así mesmo, realizarase indicación expresa da colaboración da empresa Viveiros Compostela, SAT, en cada unha das xardineiras apadriñadas/amadriñadas.

TERCEIRA.- Extensión do Convenio.

O Concello de Boqueixón expresa a súa vontade de promover e adoptar, en colaboración coa empresa Viveiros Compostela, SAT, outros mecanismos que contribúan a fomentar outras iniciativas que favorezan a mellora e embelecemento do municipio, de maneira que se poidan acadar sucesivos acordos nesta materia e que se poderán anexar ó presente convenio.

CUARTA.- Protección de datos de Carácter Personal.

No que respecta ó tratamento de datos de carácter persoal, os/as asinantes do presente convenio se recoñecen responsables de ficheiro e deberán respetar as prescricións da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, atendendo especialmente:

1. Informar ós/ás interesados/as sobre o tratamento dos datos recollidos.
2. Recabar o consentimento do/a interesado/a para a comunicación e tratamento dos seus datos.
3. Utilizar os datos persoais para os fins para o que se teñen recollidos.

4. Adoptar as medidas de seguridade necesarias que eviten a súa alteración e tratamento ou acceso non autorizado.
5. Atender as solicitudes dos/as interesados/as para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos, en tempo e forma.

Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito nas direccións arriba indicadas.

QUINTA.- Información Confidencial.

Considerarase información confidencial calquera información, fose cal fose a súa natureza (técnica, comercial, financeira, operacional ou doutro tipo), en calquera forma ou soporte (verbal, escrito, gravado ou de calquera outro tipo) que puidese ser facilitada entre as partes ou accedida por unha delas como consecuencia da relación contractual.

A fin de garantir a confidencialidade da información que se entregue ou se poña en coñecemento entre as partes, estas acordan:

- Manter en segredo toda a información confidencial que teña tal carácter.
- Utilizar a información confidencial exclusivamente para os fins que sexan comunicados.
- Restrinxir o acceso á información confidencial unicamente aos empregados que necesiten a información confidencial asegurándose que coñecen as obrigacións que lles resultan aplicables en virtude do establecido no presente documento.
- Non divulgar, revelar, nin transmitir, en todo ou en parte, de forma directa ou indirecta, a información confidencial.
- Non facilitar o acceso á información confidencial a terceiras persoas, físicas ou xurídicas sen o previo consentimento da outra parte.

SEXTA.- Vixencia.

A duración inicial deste convenio será dun ano desde o día da súa sinatura. Con todo, o convenio entenderase prorrogado automaticamente por períodos sucesivos dun ano, se non media denuncia escrita do mesmo por calquera das partes cun mínimo dun mes de antelación ó vencemento do mesmo ou de calquera das súas prórrogas, non sendo necesario para a devandita resolución alegar motivo algún.

En todo caso, o presente convenio poderá resolverse en calquera momento por calquera parte e por calquera causa con anterioridade á finalización do mesmo, a condición de que exista comunicación previa á outra parte onde se comunique a intención de resolvelo, todo iso cunha antelación mínima dun mes desde a data pretendida de finalización.

SÉTIMA.- Normativa aplicable.

O presente convenio será interpretado e cumprido nos seus propios termos e, no previsto, rexerese pola lexislación española na materia, axustándose a mesma ás obrigacións e responsabilidades das partes.

Para a resolución de calquera conflito que se expoña en canto á interpretación, desenvolvemento ou execución do presente convenio, as partes sométense á xurisdición dos xulgados e tribunais competentes.

E para que así conste e en proba de conformidade, asínase o presente documento por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

Concello de Boqueixón

Empresa Viveiros Compostela S.A.T

Asdo. Ovidio Rodeiro Tato

Asdo, Roberto xxxxx

Asdo: Ofelia xxxx

7. Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016, por un importe total de 61.425,79 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Matilde Calvo Suárez – Servizo de terapia ocupacional marzo 2016- segundo contrato	231. 22799	538,65
2	Hnos. Rendo SC – Reparación tellado do polideportivo do Forte	342.21200	196,02
3	Restaurante Via da Prata – Aluguer salón para evento cata produtos de Boqueixón - Consello Regulador de augardentes..	432.22602	200,00
4	Manuel Botana Granja – Copias de claves e asiento inodoro	920.21200	25,46
5	Talleres y Repuestos Barco,SL – Revisión tractores: material e man de obra	414.21300	107,47
6	Liquidación de gastos de José Gonzalo Torres Gil – ITV do vehículo C6319CG	135.21300	46,35
7	Autoeléctrico Sergude SC – Substitución batería vehículo Nissan 8745 – GZZ	135.21300	161,10
8	Autoeléctrico Sergude SC – Arranxos varios en camión do lixo 7414 - BSL	162.1.213000	172,79
9	La Rosaleda “De La Coruña” – Recollida de dous cans para refuxio – segundo contrato	920.22799	302,50
10	Atendo Calidade, SL – Servizo axuda a domicilio libre concorrencia – mes de marzo	231.22799	2.072,21
11	Atendo Calidade,SL – Servizo axuda a domicilio dependencia – mes de marzo	231.22799	23.174,57
12	Talleres Sánchez Rey, SC – Reparación pa retroescavadora	135.21300	265,09
13	Gallega Sum. Industriales, SL – Material de limpeza para locais municipais	320.22199	134,52
14	Foga, SL – Mantemento fotocopiadoras mes de abril	920.21300	420,63
15	Comercial Marbre – Pintura paso de peatons en Lamas	1532.21200	113,06
16	Gasóleos S. Benito, SL – Gasolinas para maquinaria	135.22103	128,33
17	Gasóleos S. Benito,SL – Gasóleo A para depósitos municipais	135.22103	2.670,00
18	Almacenes Redondo – Reconstrución tajeas Maravexás	1532.21200	271,74
19	María del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación Escola Infantil mes de febreiro	231.22105	374,41
20	María del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación Escola Infantil mes de marzo	231.22105	316,49
21	Droguería Ferretería El Sol,SL – Material vario para mantemento servizo abastecemento	161.21200	69,71
22	Baygar,SL – Reparación varredora	171.21000	1.496,33
23	Liquidación de gastos de María José Pereira Lareo – gastos locomoción 1º	920.23020	78,28

	trimestre		
24	Atisae – Inspección obrigatoria ascensor concello	920.21300	94,64
25	Irene Blanco Sanmartín – Colaboración como psicóloga terapéutica programa reforzo educativo – Convenio Ruth Gómez	231.22799	306,30
